

CONTRA LA
DESINFORMACIÓN

ECLIPSE

12 DE AGOSTO



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CIENCIA, INNOVACIÓN
Y UNIVERSIDADES



TRÍO DE ECLIPSES
ESPAÑA

CONTEXTO

- » **O mércores 12 de agosto de 2026 terá lugar unha eclipse total de Sol.** Será a primeira eclipse total visible desde a Península Ibérica en máis dun século (a anterior produciuse en 1905 e a última eclipse total visible desde a Europa continental foi en 1999).
- » A eclipse será visible como parcial no norte de Norteamérica, en gran parte de Europa e no oeste de África. Comezará ás 17:34 (hora oficial na España peninsular e nas Illes Balears), no mar de Bering, e rematará ás 21:58 no océano Atlántico. A duración total do fenómeno será de 264 minutos (algo menos de catro horas e media).
- » Ó situarse España na parte final do percorrido, **a totalidade da eclipse producirase durante o solpor**, co Sol moi baixo sobre o horizonte occidental.
- » **O máximo da eclipse producirase ás 19:46** (hora oficial na Península e nas Balears), preto de Islandia. **A duración máxima da fase de totalidade será de 2 minutos e 18 segundos.**
- » **A faixa de totalidade atravesará España de oeste a leste**, pasando por numerosas capitais de provincia, como A Coruña, Lugo, Oviedo, León, Zamora, Valladolid, Palencia, Segovia, Burgos, Soria, Santander, Bilbao, Vitoria-Gasteiz, Logroño, Guadalajara, Cuenca, Zaragoza, Teruel, Lleida, Tarragona, València, Castelló de la Plana e Palma.
- » Fóra da faixa de totalidade, o fenómeno observarase como unha eclipse parcial.
- » **Trío de eclipses.** Esta eclipse forma parte dunha secuencia excepcional de tres eclipses visibles desde a Península Ibérica:
 - Eclipse total do 12 de agosto de 2026.
 - Outra eclipse total o 2 de agosto de 2027.
 - Eclipse anular o 26 de xaneiro de 2028.
- » Despois desta tríade, **non volverá verse unha eclipse total desde España ata 2053.**
- » O Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades puxo en marcha a páxina **web Trío de Eclipses**, que reúne toda a información sobre estes tres eventos astronómicos: www.trioeclipses.es.

CONTRA LA DESINFORMACIÓN

O carácter extraordinario deste fenómeno, unido á ampla cobertura mediática e ao feito de que moitas persoas nunca viviron un evento semellante, crea un contexto propicio para a difusión de desinformación científica: mitos ancestrais reciclados, boatos virais atribuídos supostamente a organismos oficiais e confusión sobre as medidas de protección ocular.



NON É CERTO:

«A Terra perderá a gravidade durante 7 segundos o 12 de agosto» Difundíronse vídeos en TikTok e Instagram que afirman este feito, facendo referencia a un suposto documento filtrado da NASA e á implicación do Pentágono, incluso con cifras orzamentarias para darlle unha aparencia de rigor.



CERTEZA:

Non existe ningún documento deste tipo. A NASA explicou que a gravidade terrestre depende da masa do planeta e non se ve alterada por unha eclipse. Unha eclipse é un fenómeno óptico causado pola interposición da Lúa entre o Sol e a Terra; non modifica a masa terrestre nin, en consecuencia, a forza gravitatoria.



NON É CERTO:

«Durante a eclipse emítese unha radiación especial que dana a saúde ou contamina os alimentos» Hai quen afirma que a eclipse xera unha radiación distinta da habitual, capaz de «contaminar» os alimentos preparados durante o fenómeno ou de afectar á saúde das persoas que estean cociñando nese momento.



CERTEZA:

Durante unha eclipse, mesmo cando é total, a radiación da coroa solar é até un millón de veces máis feble ca luz solar directa e non atraves a atmosfera con propiedades diferentes ás de calquera outro día. O único risco demostrado é de carácter óptico —por mirar directamente ó Sol sen protección— e non existe ningún mecanismo físico polo que a eclipse poida alterar os alimentos nin afectar o organismo a distancia.



NON É CERTO:

«A eclipse provoca malformacións ou partos prematuros nas embarazadas» Circula a crenza de que a exposición dunha muller embarazada á eclipse pode causar malformacións fetais (como o beizo leporino) ou adiantar o parto.



CERTEZA:

Non existe ningunha evidencia científica que avale estas afirmacións. As sociedades científicas e médicas coinciden en que a eclipse non produce ningún efecto biolóxico sobre o embarazo: non emite ningún tipo de radiación anómala respecto dun día sen eclipse e o único risco real asociado é observar directamente o Sol sen protección ocular homologada, igual que ocorre con calquera outra persoa.



NON É CERTO:

«Recoméndase non saír á rúa durante a eclipse» Algúns mensaxes que circulan recomentan permanecer na casa durante todo o fenómeno, presentándoo como un perigo ambiental ou atmosférico xeneralizado.



CERTEZA:

A eclipse non supón ningún risco polo simple feito de estar ó aire libre. A única precaución necesaria é non mirar directamente ó Sol sen protección ocular certificada. O resto das actividades cotiás poden desenvolverse con total normalidade.

CONTRA LA DESINFORMACIÓN



NON É CERTO:

«*Cunhas lentes de sol normais, ou mirando un momento, non pasa nada*» Hai quen afirma que unhas lentes de sol convencionais protexen o suficiente e que botarlle unha ollada breve ó Sol durante as fases parciais da eclipse é inofensivo.



CERTEZA:

Ningunha lente de sol convencional bloquea a radiación solar o suficiente para permitir unha observación segura. Só son válidos os filtros certificados conforme á norma ISO 12312-2:2015, adquiridos en establecementos de óptica e que non presenten riscos, rabuñaduras nin deterioración.

CERTEZA:

A retina non ten receptores da dor, polo que unha lesión (retinopatía solar) pode producirse en cuestión de segundos sen que a persoa note nada, e o dano pode ser irreversible.

CERTEZA:

Os prismáticos, as cámaras e os telescopios requiren, ademais, filtros solares específicos colocados na parte frontal do instrumento. Nunca deben empregarse lentes para eclipses colocadas no ocular.



NON É CERTO:

«*O comportamento estraño dos animais durante a eclipse é un fenómeno paranormal ou inexplicable*» Circulan vídeos virais de animais de granxa deitándose para durmir ou comportándose de maneira pouco habitual, presentándoo como un fenómeno misterioso sen explicación científica.



CERTEZA:

Trátase dunha resposta de comportamento perfectamente explicable: os animais perciben o descenso brusco da luz e da temperatura coma se anoitecese e reaccionan en consecuencia (aves que deixan de cantar e buscan refuxio, insectos nocturnos que se activan ou animais de granxa que se dispoñen a durmir). Non existe ningún compoñente sobrenatural: é unha resposta a un cambio ambiental real e momentáneo.



NON É CERTO:

Como xa ocorreu con eclipses anteriores (por exemplo, nos Estados Unidos en 2024), prevese que circulen imaxes e vídeos xerados con intelixencia artificial que amosen a eclipse desde lugares nos que, debido á traxectoria real do fenómeno, non poderá observarse en absoluto.



CERTEZA:

Antes de compartir imaxes espectaculares da eclipse, convén verificar a súa procedencia e comparar a localización coa faixa de totalidade oficial publicada polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades e por outras fontes oficiais, como a NASA ou o Instituto Xeográfico Nacional. Os contidos xerados con intelixencia artificial adoitan presentar incoherencias na xeometría da sombra, na cor do ceo ou na contorna, que non se corresponden coa física real do fenómeno.

CONTRA LA DESINFORMACIÓN

FONTES

[Trío de eclipses - Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades](#)

[Eclipse total de Sol del 12 de agosto de 2026 - Instituto Geográfico Nacional](#)

[Información astronómica. Eclipse total de Sol del día 12 de agosto de 2026 - IGN](#)

[NASA - Total Solar Eclipse of 2026 Aug 12](#)

[Eclipse Viewing Safety - NASA Science](#)

[Eclipse total en España en agosto 2026 - Colegio de ópticos y optometristas](#)

ARTIGOS DE ENTIDADES VERIFICADORAS (FACT-CHECKERS) E EVIDENCIA CIENTÍFICA

[Mitos y supersticiones sobre eclipses - Science Media Center](#)

[Es falso que el 12 de agosto la Tierra perderá la gravedad durante 7 segundos - Ecuador Chequea](#)

[Tripleta de eclipses solares en España: los bulos más recurrentes - Newtral](#)

[Desinformaciones y curiosidades sobre los eclipses: desde su \(nulo\) impacto en la salud general hasta las teorías sobre su origen - Maldita.es](#)

[Will Earth lose gravity for 7 seconds on Aug. 12, 2026? The truth about alleged NASA doc | Snopes.com](#)



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CIENCIA, INNOVACIÓN
Y UNIVERSIDADES



TRÍO DE ECLIPSES
E S P A Ñ A